

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>2. CONTEXTO</b> .....	<b>3</b>
2.1 Características do contorno.....	3
2.2 Contorno económico .....	3
2.3 Características do Centro .....	3
2.4. O alumnado.....	4
<b>3. FINALIDADES E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA</b> .....	<b>4</b>
<b>4. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE</b> .....	<b>6</b>
4.1. Matemáticas .....	6
4.2. Lingua castelá e literatura .....	7
4.3 Ciencias da natureza.....	9
4.4 Ciencias sociais.....	10
4.5 Lingua galega e literatura.....	11
4.6. Valores sociais e cívicos .....	13
COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	13
4.7. Educación artística.....	14
<b>5. CONTIDOS</b> .....	<b>15</b>
5.1. Contidos da área de ciencias da natureza.....	15
5.2. Contidos de cuarto de educación primaria.....	16
5.3. Contidos da área de ciencias sociais .....	18
5.4. Contidos da área de lingua castelá e literatura.....	20
5.5. Contidos da área de matemáticas.....	23
5.6 Contidos da área de valores sociais e cívicos.....	26
5.7. Contidos da área de educación artística.....	28
5.8. Contidos da área de lingua galega e literatura .....	32
<b>6. TEMPORALIZACIÓN</b> .....	<b>36</b>
6.1. Matemáticas .....	36
6.2. Ciencias naturais .....	37
6.3. Ciencias sociais.....	37
6.4 Lingua e literatura castelá .....	38
6.5 Lingua e literatura galega.....	38
6.6 Valores sociais e cívicos.....	38
6.7 Educación plástica .....	39
<b>7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b> .....	<b>39</b>
7.1. Actividades de ensino-aprendizaxe .....	39
7.2. Materiais e recursos didácticos.....	40
<b>8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> .....	<b>40</b>
8.1. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.....	40
<b>9. AVALIACIÓN</b> .....	<b>41</b>
9.1 Metaavaliación (criterios para avaliar a propia programación) .....	41
9.2 Criterios de avaliación .....	42
9.3 Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	43
<b>10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA</b> .....	<b>77</b>
10.1 Ciencias naturais e sociais.....	77
10.2 Matemáticas.....	78

<b>10.3 LENGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA.....</b>	<b>78</b>
<b>10.4 VALORES.....</b>	<b>79</b>
<b>10.5 PLÁSTICA.....</b>	<b>79</b>
<b>11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ....</b>	<b>79</b>
<b>12. PROXECTO LECTOR.....</b>	<b>80</b>
<b>13. INTEGRACIÓN DAS TICS .....</b>	<b>80</b>

## **1. INTRODUCCIÓN**

No período da educación primaria, o alumnado sofre grandes cambios e evoluciona tanto a nivel cognitivo, motriz como afectivo-social. Será polo tanto un período no que os educadores deben prestar considerable atención a estes cambios e deben tratalos co fin de poder dar respostas ás distintas situacións coas que se poidan encontrar. Esta etapa tamén será o inicio da preadolescencia e xa se poderán observar os primeiros cambios a nivel físico, cambios de imaxe e outros que poden producir sentimentos de inferioridade e inseguridade, polo que o tratamento oportuno por parte da docencia é de especial relevancia.

Para poder conseguir os mellores resultados, calquera actividade se pode planificar, polo que o traballo do docente pódese programar como planificación da súa actividade atendendo a todas as variables que o rodeen. A programación é un proxecto didáctico cun contido concreto e cun enfoque metodolóxico que responde a unha orde lóxica e didáctica da materia sempre dentro da flexibilidade, para adaptarse a diversas circunstancias específicas que poderían aparecer ao longo desta.

A programación é un instrumento imprescindible no traballo didáctico e, por conseguinte, sempre será o punto de mira da avaliación. Unha reflexión constante sobre a posta en práctica das unidades da programación axudará a mellorar a práctica educativa. Unha programación nunca será pechada, senón que, polo contrario, no momento da súa confección habería que ter sempre presente este concepto de carácter aberto e mellorable.

## **2. CONTEXTO**

### ***2.1 Características do contorno***

O colexio ubícase nunha zona rural do interior, de poucos habitantes cun nivel económico medio-baixo. O nivel cultural da poboación adulta en xeral é baixo xa que gran parte desta non tivo medios para prepararse culturalmente e dedicáronse dende moi novos ao laboreo na terra.

### ***2.2 Contorno económico***

É unha zona moi tranquila na que a súa poboación se dedica, a gran maioría, á gandaría e á agricultura. Os alumnos e alumnas viven en aldeas que se encontran moi distanciadas unhas doutras e soen estar polo xeral tamén bastante lonxe do colexio; isto supón que teñen que ir en autobús ao colexio, que se encontren máis illados e non teñan moitos compañeiros e compañeiras da súa idade con quen compartir os xogos na mesma aldea.

### ***2.3 Características do Centro***

É un Centro de educación infantil, primaria e secundaria (CPI) que conta con xornada mixta cun horario de 9:30 a 16:00 horas. Este Centro é público e nel danse clase aos nenos e nenas de entre 3 e 16 anos. A zona de infantil e primaria consta de

8 unidades repartidas da seguinte forma: dúas unidades para a etapa infantil (unha para 3-4 anos e outra para 5 anos), e seis unidades para a etapa de primaria, dúas unidades para primeiro e segundo, dúas unidades para terceiro e cuarto e outras dúas para quinto e sexto.

O edificio ten dous andares: o primeiro está ocupado pola etapa de infantil, biblioteca, secretaría, conserxería, comedor e sala de mestres; o segundo andar localizamos as aulas dos distintos niveis de primaria, a aula de P.T e a aula de música.

#### **2.4. O alumnado**

O alumnado ao que se fai referencia correspóndese ao cuarto curso, na que a idade media está entre nove e dez anos. O dito grupo consta de once alumnos e alumnas: oito son nenos e tres son nenas, dos cales un alumno ten un reforzo educativo apoiado pola titora e a mestra de P.T.

### **3. FINALIDADES E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

Despois de deixar claro en que tipo de Centro se vai levar a cabo a programación, a continuación tamén se detallará que intencións educativas se pretenden e que obxectivos guían a dita labor para facilitar a súa comprensión.

*Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ten por obxecto establecer o currículo da educación primaria de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 3 do Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.*

*Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación da dita etapa educativa, de acordo coa disposición final sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Polo tanto, as intencións educativas que se perseguen na Educación Primaria, veñen expresadas a través das finalidades e os obxectivos finais de etapa. En canto á primeira:

*1. A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.*

*2. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.*

*3. A etapa de educación primaria forma parte do ensino básico e, polo tanto, ten carácter obrigatorio e gratuíto.*

4. *A etapa de educación primaria comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade, e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.*

5. *Os alumnos e as alumnas incorporaranse, con carácter xeral, ao primeiro curso de educación primaria no ano natural no que cumpren seis anos.*

En canto á segunda, os obxectivos xerais aos que se fai referencia son:

- a) *Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.*
- b) *Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun/nunha mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.*
- c) *Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.*
- d) *Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.*
- e) *Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.*
- f) *Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.*
- g) *Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de apliclos ás situacións da súa vida cotiá.*
- h) *Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega.*
- i) *Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.*
- j) *Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.*
- k) *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- l) *Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.*
- m) *Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas,*

*así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.*

- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.*
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e ás sociedade galegas.*

## **4. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE**

### ***4.1. Matemáticas***

#### *Competencia en comunicación lingüística*

Para fomentar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística desde a área de Matemáticas débese insistir en dous aspectos. Por unha banda a incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual, a adecuada precisión no seu uso e a utilización das linguaxes gráfico e estatístico, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. Por outra banda, é necesario incidir nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos.

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.*

Esta competencia está presente na comprensión dos diferentes tipos de números e as súas operacións, así como na utilización de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenvolver razoamentos, construindo conceptos e avaliando a veracidade das ideas expresadas.

#### *Competencia dixital*

As matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporciona destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando a comprensión de informacións que incorporan cantidades e medidas. Por outra parte, a través dos contidos onde o nome é precisamente tratamento da información, contribúese á utilización das linguaxes gráficas e estadísticas, esenciais para interpretar a información sobre a realidade.

#### *Aprender a aprender*

A miúdo é un requisito para a aprendizaxe a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas básicas ou comprender informacións que utilizan soportes matemáticos. Para o desenvolvemento desta competencia é necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza e o esforzo ao abordar situacións de crecente complexidade, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

#### *Competencias sociais e cívicas*

Os contidos das Ciencias sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, produción, etc.) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc.. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos sobre o valor das cousas e climogramas abórdanse desde a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica. A achega á competencia social e cívica adquire unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

#### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

A resolución de problemas ten, ao menos, tres vertentes: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A planificación está aquí asociada á comprensión en detalle da situación plantexada para trazar un plan, buscar estratexias e para tomar decisións; a xestión dos recursos inclúe a optimización dos procesos de resolución; por último, a avaliación periódica do proceso e a valoración dos resultados permiten facer frente a outros problemas con maiores posibilidades de éxito.

#### *Conciencia e expresións culturais*

As Matemáticas contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

### **4.2. Lingua castelá e literatura**

#### *Competencia en comunicación lingüística*

A área de lingua castelá contribúe de forma directa ao desenvolvemento desta competencia. A lingua castelá, así como todo o conxunto de linguas, estranxeiras e propias, contribúe ao desenvolvemento da habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita e para interactuar dunha maneira adecuada e creativa en múltiples contextos sociais e culturais.

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O bo desenvolvemento da actividade comunicativa favorece e axuda á mellora da adquisición de coñecementos. A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran unha mellor comunicación das experiencias.

#### *Competencia dixital*

Esta área contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos, destrezas para buscar, obter e tratar información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia. En especial para a comprensión da devandita información, a súa organización textual e, o seu uso na expresión oral e escrita. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, o que significa algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta as operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, etc.) e que constitúen un dos contidos básicos desta área, cuestión que incide directamente na adquisición e mellora da competencia dixital. Ademais, os medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborativo da escritura que permite concibir a aprendizaxe da lingua no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

#### *Competencia de aprender a aprender*

A área de Lingua castelá, entre outras, posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando críticamente sobre os fins e o obxecto do mesmo. A lectoescritura, xunto ao cálculo e as TIC, son ferramentas básicas para a construción do coñecemento. O aprender en equipo, en grupos heteroxéneos e a autonomía na aprendizaxe contribúen significativamente ao seu desenvolvemento. A autoevaluación e os procesos de pensamento favorecen no alumnado a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros, e de comunicar as súas experiencias integrando o emocional e o social.

#### *Competencias sociais e cívicas*

Analizando esta competencia desde a capacidade para o respecto, o diálogo e o consenso, enténdese que é necesario como base para unha boa comunicación un bo uso dos códigos e usos lingüísticos. A linguaxe contribúe desta maneira para construír unha imaxe do mundo, da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimentos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio.

#### *Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

A lingua castelá, e todas as linguas en xeral, son instrumentos de comunicación e de creación pensamento. Desta maneira, a lingua castelá contribúe á adquisición do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor na construción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal. A comunicación, verbal e non verbal, das diferentes linguas que se utilicen, contribuirán ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal, e garantirá unha adecuada interacción social.

#### *Competencia de conciencia e expresións culturais*

A área de Lingua castelá e literatura contribúe ao desenvolvemento da Competencia conciencia e expresión cultural na medida na que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas. A



lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento desta competencia, desenvolvendo a capacidade de percibir os recursos lingüísticos e literarios e o agrado pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira á vez que se dá canle á tendencia natural do ser humano ao xogo, ao pracer, á liberdade, e á imaxinación creadora.

### *4.3 Ciencias da natureza*

#### *Competencia en comunicación lingüística*

A área contribúe a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte dos aprendizaxes da área; esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, por tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión.

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

A área adquire un protagonismo principal na competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitos dos aprendizaxes que integra están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que lle rodea e ofrece a oportunidade de utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, co que contribúe así, ao desenvolvemento da parte matemática da competencia.

#### *Competencia dixital*

Inclúense explicitamente na área os contidos que conducen á alfabetización dixital, e cuxa aplicación nesta e no resto das áreas contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do computador, o manexo dun procesador de textos e a procura guiada na internet, desexables ao final da etapa, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desa competencia.

#### *Competencia aprender a aprender*

Esta competencia esixe que o alumno coñeza que estratexias de aprendizaxe son as súas preferidas, cales son os puntos fortes e débiles das súas capacidades, de forma que poida organizar as aprendizaxes de maneira efectiva, xa sexa individualmente ou en grupo. Require a adquisición das capacidades básicas fundamentais necesarias para a aprendizaxe complementaria, como a lectura, a escritura, o cálculo e as TIC.

#### *Competencia social e cívica*

A área aborda o ámbito das relacións próximas (a familia, os amigos, os compañeiros do centro educativo, etc.), o que supón o coñecemento e a manifestación de emocións e sentimentos en relación cos demais. Polas características propias da área é fácil e recomendable a utilización do traballo cooperativo como metodoloxía vertebradora, todo o relativo á realización de proxectos, pequenas investigacións, ... daranos pé a desenvolver en profundidade aspectos tan fundamentais para as competencias sociais e cívicas como o diálogo, o

debate, a resolución de conflitos e habilidades sociais como as asunción de responsabilidades en grupo, aceptación e elaboración de normas de convivencia.

#### *Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Na área expónse a toma de decisións desde o coñecemento dun mesmo, na planificación de forma autónoma e creativa de actividades e na habilidade para planificar e xestionar proxectos, traballando de forma individual ou en equipo.

#### *Competencia conciencia e expresións culturais*

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias Naturais, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais. Tendo en conta que en moitas ocasións estas actividades supoñen un traballo colectivo, é necesario asumir habilidades de cooperación para lograr resultados finais colectivos.

### **4.4 Ciencias sociais**

#### *Competencia en comunicación lingüística*

O compoñente estratéxico da competencia en comunicación lingüística permite ao alumno enfrontarse ás dificultades e inclúe destrezas e estratexias comunicativas para o tratamento da información, en diferentes soportes, e en diferentes linguas.

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

A área ofrece a oportunidade de aplicar ferramentas matemáticas que requiren a utilización de principios e procesos matemáticos en distintos contextos persoais ou sociais. É imprescindible o manexo destas ferramentas en contextos significativos que permitan realizar operacións sinxelas con magnitudes, porcentaxes e proporcións, nocións de estatística elemental, uso de escalas numéricas e gráficas e criterios de medición, codificación numérica de información e representación gráfica.

#### *Competencia dixital*

De gran importancia nas Ciencias Sociais é a xestión, coñecemento e manexo de diferentes motores de procura e bases de datos, a análise e interpretación da información e a transformación desta en coñecemento co seu consecuente almacenamento. A creación de contidos en diferentes formatos (texto, audio, vídeos, imaxes contribuirán ao desenvolvemento desta competencia no alumno.

#### *Aprender a aprender*

Son contidos da área o desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información, para desenvolver a responsabilidade persoal e colectiva, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo, a planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos ou a utilización de estratexias que potencien a cohesión grupal, o traballo cooperativo, e a resolución de conflitos.

### *Competencia social e cívica*

As Ciencias Sociais pretenden asentar as bases dunha futura cidadanía que utiliza todos os recursos para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados e para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, interactuando con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e inmediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

### *Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Partindo da idea xeral desta competencia, transformar as ideas en actos, as Ciencias Sociais achégannos contidos e estratexias para propoñer ao alumno tarefas, proxectos ou situacións que esixen o concurso de destrezas. Estas destrezas ou habilidades danse no marco de actitudes e valores como a capacidade creadora e imaxinativa, o autoconhecimento e a autoestima a autonomía ou independencia, o interese e esforzo, o espírito emprendedor, a iniciativa e a innovación. Tamén está relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumprir os obxectivos xa sexan persoais ou establecidos en común con outros.

### *Competencia conciencia e expresión cultural*

Esta área estuda ás persoas como seres sociais e a súa realidade en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. Esixe, por tanto, coñecer, comprender, apreciar e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento e goce persoal. Tamén contribúe ao coñecemento, valoración e conservación do patrimonio cultural, tanto da propia comunidade como doutras comunidades, achegando coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza histórica, artística, literaria, filosófica, tecnolóxica e ambiental.

## ***4.5 Lingua galega e literatura***

### *Competencia en comunicación lingüística*

Na área de Lingua galega e literatura desenvólvense estratexias de expresión oral e escrita, comprensión de mensaxes de diferente tipoloxía, enriquecemento de vocabulario, estratexias para unha correcta fluidez verbal, a adquisición e aplicación de estruturas gramaticales que inciden na calidade da súa expresión, ou a achega literaria que contribúe a mellorar a riqueza comunicativa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas.

### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O bo desenvolvemento da actividade comunicativa favorece e axuda á mellora da adquisición de coñecementos. A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran unha mellor comunicación das experiencias.

#### *Competencia dixital*

Esta área contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos, destrezas para buscar, obter e tratar información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia. En especial para a comprensión da devandita información, a súa organización textual e, o seu uso na expresión oral e escrita.

#### *Competencia de aprender a aprender*

A área de Lingua galega, entre outras, posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe e reflexionando criticamente sobre os fins e o obxecto do mesmo. A lectoescritura, xunto ao cálculo e as TIC, son ferramentas básicas para a construción do coñecemento.

#### *Competencias sociais e cívicas*

Analizando esta competencia desde a capacidade para o respecto, o diálogo e o consenso, enténdese que é necesario como base para unha boa comunicación un bo uso dos códigos e usos lingüísticos. A linguaxe contribúe desta maneira para construír unha imaxe do mundo, da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimentos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio.

#### *Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

A lingua galega, e todas as linguas en xeral, son instrumentos de comunicación e de creación pensamento. Desta maneira, a lingua galega contribúe á adquisición do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor na construción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal. A comunicación, verbal e non verbal, das diferentes linguas que se utilicen, contribuirán ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal, e garantirá unha adecuada interacción social.

#### *Competencia de conciencia e expresións culturais*

A área de Lingua galega e literatura contribúe ao desenvolvemento da Competencia conciencia e expresión cultural na medida na que se converte en ferramenta fundamental na realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas.

#### **4.6. Valores sociais e cívicos**

##### *COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA*

A área contribúe ao desenvolvemento da competencias sociais e cívicas posto que desde esta desenvolveranse aquelas habilidades que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando.

##### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

Esta competencia vese reflectida na habilidade para desenvolver e aplicar o razoamento co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás. Esta área contribúe a emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de análise dunha circunstancia dada, proporcionando solucións adecuadas e con sentido, baseadas no respecto á verdade e na vontade de atopar argumentos avaliando a súa validez.

##### *Competencia dixital*

Coa que se poderán poñer en valor actitudes e hábitos de respecto aos demais a través do uso correcto da internet e as redes sociais coa potencialidade dunha relación social emerxente.

##### *Competencia do aprender a aprender*

Axudará a ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. Require coñecer as propias potencialidades e carencias, sacando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

##### *Competencias sociais e cívicas*

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade; para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

##### *Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Esta área desenvolve a transformación das ideas en accións; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos, incluíndo a capacidade para provocar cambios e a habilidade para aceptar e apoiar cambios producidos por

factores externos, asumindo a responsabilidade das propias accións e marcando obxectivos coa finalidade de alcanzalos.

#### *Competencia para a Conciencia e expresións culturais*

Contribuirá desenvolvendo a capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal, como social e laboral.

#### **4.7. Educación artística**

##### *Competencia en comunicación lingüística*

A Educación Artística preséntase fundamental para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística ao facer uso das linguaxes non verbais e ao desenvolver a atención, a audición e visión interior, a memoria musical e fotográfica, así como a conciencia comunicativa.

##### *Competencias matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

A área ofrece ferramentas para a resolución de problemas cotiáns de índole musical e plástico utilizando tanto o pensamento matemático como o pensamento lóxico utilizando harmonías, tempos e ritmos, esenciais no traballo cotián na área artística.

##### *Competencia dixital*

Adquire cada vez máis importancia na Educación Artística o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e a creación de producións artísticas e análises da imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.

##### *Competencia aprender a aprender*

Son contidos específicos da área a experimentación con técnicas, materiais, a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos e a manipulación de obxectos co fin de que os coñecementos adquiridos doten ao alumno dunha bagaxe suficiente para utilizalos en situacións diferentes.

##### *Competencia social e cívica*

A Educación Artística favorece a participación en experiencias musicais colectivas como forma de expresar ideas propias, valorar as demais e coordinar accións propias e doutros integrantes. O ámbito social leva a comprensión da evolución social e cultural da humanidade e aproximando ao alumno a outras formas de expresión, valorando a diversidade que nos enriquece ao fomentar unha actitude aberta, integradora e respectuosa ante outras manifestacións artísticas diferentes ás nosas.

##### *Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

A área promove a competencia ao facer dos proxectos de creación artística un dos seus eixos principais. O proceso creador potencia a capacidade para indagar, experimentar, imaxinar, prever, planificar e realizar as propias producións. O proceso desde a exploración inicial ata o produto final require dunha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados.

### *Competencia conciencia e expresións culturais*

A área de Educación Artística permite o coñecemento de diferentes códigos artísticos e posibilita a utilización das técnicas e os recursos que lles son propios para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente na interpretación, a creación e a composición, todo iso tanto de forma individual como colectiva.

## **5. CONTIDOS**

### ***5.1. Contidos da área de ciencias da natureza***

*Os contidos están organizados en 5 bloques que, dada a súa interrelación, non deben ser traballados de forma illada senón integrada. O tratamento dos seus conceptos debe permitir ao alumnado avanzar na adquisición de ideas do coñecemento científico e na súa estruturación e organización, de forma coherente e articulada. Por outra banda, os contidos procedementais, relacionados co «saber facer» teórico e práctico, han de permitir ao alumnado iniciarse en coñecer e empregar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e análise de problemas, a recollida, a organización e o tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e o emprego de fontes de información, incluíndo as proporcionadas polos medios tecnolóxicos actuais e a comunicación dos resultados obtidos. Para o desenvolvemento de actitudes e valores, os contidos seleccionados han de promover a curiosidade, o interese, o respecto por si mesmo/a, polos demais, pola natureza e cara ao traballo propio das ciencias experimentais, así como unha actitude de colaboración no traballo en grupo.*

***O bloque 1:*** iniciación á actividade científica, oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.

***O bloque 2:*** o ser humano e a saúde, integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

***O bloque 3:*** os seres vivos, oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto

*e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.*

**O bloque 4:** *materia e enerxía, inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.*

**O bloque 5:** *a tecnoloxía, aparellos e máquinas, inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que in úen nas condicións de vida actual.*

## **5.2. Contidos de cuarto de educación primaria**

### **BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

- *Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.*
- *Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.*
- *Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).*
- *Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.*
- *Iniciación á actividade científica.*
- *O traballo cooperativo.*
- *Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.*
- *Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.*

### **BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE**

- *O corpo humano e o seu funcionamento.*
  - *As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.*
  - *Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.*
    - *Saúde e enfermidade.*
    - *Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.*
    - *Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde.*
    - *Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...*



- *Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. Valoración das súas habilidades persoais.*
- *A relación cos demais. Toma de decisións.*
- *A igualdade entre homes e mulleres.*
- *Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.*
- *Identificación de sistemas de conservación alimentaria.*
- *Pirámide alimentaria.*
- *Análise de dietas equilibradas.*

### **BLOQUE 3: OS SERES VIVOS**

- *Diferenza entre seres vivos e inertes.*
- *Identificación de animais e de plantas como seres vivos.*
- *Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables.*
- *Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.*
- *Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.*
- *Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.*
- *Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.*
- *Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.*
- *Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados, empregando distintos soportes textuais.*

### **BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA**

- *O sol e a auga como fontes de enerxía.*
- *Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.*
- *Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.*

- *Intervención da enerxía na vida cotiá.*
- *Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.*
- *A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.*
- *Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas mediambientais.*
- *Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz.*
- *Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.*
- *Realización de experiencias con mesturas.*
- *Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.*
- *Procedementos de separación.*

## **BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

- *Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela etc.).*
- *Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.*
- *Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.*
- *Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.*
- *Prevenção de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.*

### **5.3. Contidos da área de ciencias sociais**

*A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.*

## **BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS**

- *Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxerencia e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.*
- *Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.*
- *Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.*
- *Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.*

- *Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia*
- *A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.*  
*Utilización da terminoloxía propia da área. Elaboración dun glosario da área.*
- *Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fontes de información.*
- *Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.*

## **BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA**

- *A litosfera: placas tectónicas. Os volcáns, os terremotos e as súas consecuencias.*
- *Formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.*
- *Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios.*
- *Os paralelos e meridianos. As coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude.*
- *Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos.*
- *Escalas e signos convencionais dun mapa.*
- *Orientación no espazo: Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais.*
- *O tempo atmosférico.*
- *Medición e predición meteorolóxica. Instrumentos de medida. Elaboración e comunicación dun parte meteorolóxico empregando as TIC (programa de radio, boletín meteorolóxico etc).*
- *Gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións: os climogramas.*
- *Os mapas do tempo. Símbolos convencionais.*
- *A hidrosfera. Distribución das augas no planeta. Masas e cursos de auga.*
- *Vertentes hidrográficas.*
- *Os tramos dun río.*
- *A litosfera: características e tipos de rochas.*
- *Rochas e minerais: propiedades, usos e utilidades.*
- *A diversidade xeográfica das paisaxes de Galicia: relevo e hidrografía. Utilización de sistemas de información xeográfica.*
- *A intervención humana no medio.*
- *A contaminación e o cambio climático.*
- *Desenvolvemento sostible e consumo responsable. Elaboración dunha campaña de concienciación no centro educativo.*

## **BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE**

- *A Constitución de 1978.*
- *Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.*
- *Forma de goberno: a monarquía parlamentaria.*
- *As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos.*
- *A organización social, política e territorial: o Estado español e as*

*Comunidades Autónomas.*

- *Estructuras de goberno básicas: o concello.*
- *Manifestacións culturais e lingüísticas de España.*
- *Demografía e poboación.*
- *Conceptos demográficos: básicos e a súa representación. Representacións gráficas dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas: IGE.*
- *Educación viaria. Adquisición de coñecementos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.*

#### **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO**

- *O tempo histórico. A Prehistoria e a Idade Antiga: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. Proxecto de traballo colaborativo sobre as formas de vida que caracterizan a Prehistoria.*
- *As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura.*
- *Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.*
- *A península ibérica na Prehistoria.*
- *A península ibérica na Idade Antiga.*
- *A Prehistoria e Idade Antiga en Galicia. Os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.*
- *Noso patrimonio histórico e cultural.*
- *Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo.*

#### **5.4. Contidos da área de lingua castelá e literatura**

*O ensino da área de Lingua castelá e literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.*

*O currículo da área de Lingua castelá e literatura organízase en bloques que responden á educación literaria, ás actividades lingüísticas ou destrezas esenciais para a comunicación oral e escrita, e ao coñecemento metalingüístico. Os bloques en que se divide a materia son:*

#### **BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

- *Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.*
- *Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.*
- *Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.*
- *Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do*

- *vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.*
- *Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)*
- *Reproducción de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.*
- *Producción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.*
- *Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar*

## **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER**

- *Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel.*
- *Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).*
- *Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Relectura. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.*
- *Gusto pola lectura.*
- *Selección de libros segundo o gusto persoal.*
- *Lectura dos libros establecidos no Plan lector.*
- *Lectura dos libros establecidos no Plan lector.*
- *Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer.*
- *Iniciación á creación da biblioteca persoal.*
- *Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.*
- *Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.*

## **BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR**

- *Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.*
- *Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.*
- *Aplicación das normas ortográficas. Acentuación.*
- *Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.*
  - *Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.*
- *Realización de ditados. □*
  - *Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función,*

*destinatario, xeración de ideas, estrutura...)*

- *Textualización en frases con secuencia lineal.*
- *Revisión e mellora do texto.*
- *Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal.*
  - *Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.*
  - *Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.*
- *Produción de textos segundo Plan de escritura do centro.*

#### **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA**

- *A palabra. A sílaba. Diptongos e hiatos.*
- *Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra.*
- *Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.*
- *Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra.*
- *Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos.*
- *Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.*
- *Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais básicos.*
  - *Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.*
  - *Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos.*
- *Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Signos de puntuación.*
- *As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.*
  - *Utilización de material multimedia educativo e outros recursos*

*didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.*

- *Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma.*
- *Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.*

## **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA**

- *Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.*
- *Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.*
- *Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.*
- *Identificación de recursos literarios .*
- *Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países.*
- *Identificación de recursos literarios.*
- *Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.*
- *Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.*
- *Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.*
- *Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.*

### **5.5. Contidos da área de matemáticas**

*Os contidos organizáronse en cinco grandes bloques para facilitar a concreción curricular: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas. Números. Medida. Xeometría. Estatística e probabilidade. Pero esta agrupación non determina métodos concretos, só é unha forma de organizar os contidos que serán abordados dun xeito enlazado atendendo a configuración cíclica do ensino da área e construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Esta agrupación implica unha organización aberta que permitirá distribuír de diferentes maneiras os contidos adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.*

## **BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

- *Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos.*
- *Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.*
- *Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.*

- *Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.*
- *Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.*
- *Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.*

## **BLOQUE 2: NÚMEROS**

- *Números naturais, decimais e fraccións.*
- *A numeración romana.*
- *Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.*
- *Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.*
- *Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.*
- *O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.*
- *O número decimal: décimas e centésimas.*
- *Fraccións. Representación gráfica.*
- *Os números decimais: valor de posición.*
- *Descomposición e redondeo de números naturais e decimais*
- *Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.*
- *Identificación e uso dos termos propios da división.*
- *Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.*
- *Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.*
- *Operacións con fraccións.*
- *Operacións con números decimais.*
- *Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.*
- *Estimación de resultados.*
- *Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.*



- *Automatización de algoritmos.*
- *Descomposición de números naturais atendendo ao valor posicional das súas cifras.*
- *Construción de series ascendentes e descendentes.*
- *Descomposición de números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifras.*
- *Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.*
- *Utilización da calculadora.*
- *Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.*
- *Resolución de problemas da vida cotiá.*

### **BLOQUE 3: MEDIDA**

- *Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.*
- *Realización de medicións.*
- *Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.*
- *Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.*
- *Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.*
- *Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.*
- *Unidades de medida do tempo e as súas relación.*
- *Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.*
- *Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.*
- *Cálculos con medidas temporais.*
- *O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.*
- *Múltiplos e submúltiplos do euros.*
- *Equivalencias entre moedas e billetes.*

### **BLOQUE 4: XEOMETRÍA**

- *Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.*
- *Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.*
- *Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos.*
- *A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio e diámetro.*
- *Identificación e denominación de polígonos atendendo o número de lados.*
- *Corpos xeométricos: elementos, relación e clasificación.*
- *Poliedros. Elementos básicos: vértices, caras e arestas. Tipos de poliedros.*
- *Corpos redondos: cono, cilindro e esfera.*
- *Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.*
- *Regularidades e simetrías: recoñecemento de regularidades.*
- *Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.*

## **BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE**

- *Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.*
- *Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.*

### **5.6 Contidos da área de valores sociais e cívicos**

*Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos. A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.*

*Concretaremos de seguido os tres bloques nos que se divide a materia.*

## BLOQUE 1: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

- *O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.*
- *Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.*
- *O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.*
- *As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.*
- *O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.*
- *A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.*
- *A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.*
- *A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.*
- *A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.*

## BLOQUE 2: A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- *As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.*
- *A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.*
- *Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.*
- *A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.*
- *O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.*
- *A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.*
- *O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.*
- *A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.*

- *As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.*

### **BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS**

- *Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.*
- *A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.*
- *Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.*
- *Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.*
- *A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.*
- *Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.*
- *Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais.*
- *Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.*
- *Realización e interpretación de gráficos sinxelos.*
- *As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.*
- *A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables.*
- *A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.*
- *Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.*

#### **5.7. Contidos da área de educación artística**

##### **Educación plástica**

- *Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en*

*todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.*

▪ *Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.*

▪ *Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento grá co dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científica tecnolóxica estará moi presente.*

#### **Educación musical.**

▪ *Bloque 1. A escoita. Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.*

▪ *Bloque 2. A interpretación musical. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con nalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.*

▪ *Bloque 3. A música, o movemento e a danza. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase nalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.*

## **EDUCACIÓN PLÁSTICA**

### **BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL**

- *Comunicación das apreciacións obtidas por observación.*
- *Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos.*
- *Creación de imaxes para textos dados para secuenciar unha historia ( romance, cantiga, ... ).*
- *Observación de materiais empregados nas obras plásticas.*
- *Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e ideas.*
- *Clasificación de texturas e tonalidades, e apreciación de formas naturais e artificiais, exploradas desde diferentes ángulos e posicións.*
- *Interese por procurar información sobre as producións artísticas e por comentalas. Bl.8. Indagación sobre as calidades de diferentes materiais e uso que se fai deles en distintas representacións.*
- *Uso dos recursos dixitais na procura da información.*
- *Valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan.*
- *Comunicación das apreciacións obtidas dunha imaxe.*

- *Observación de elementos para estudo de escalas e proporcións.*
- *Indagación sobre as maneiras de representar o espazo*

## **BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA**

- *Procura das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes.*
- *Uso de diferentes texturas para as representacións (area, tecidos, papel etc.).*
- *Exploración das calidades dos materiais e o tratamento non convencional destes (pintura esparexada, por chorro etc.).*
  - *Emprego de distintos soportes nas creacións.*
  - *Curiosidade por coñecer as posibilidades plásticas dos materiais.*
  - *Construción de móbiles, estruturas e volume.*
  - *Construción de estruturas sinxelas para representacións teatrais.*
  - *Experimentación das dimensións e das proporcións dunha mesma forma en diferentes posicións.*
  - *Experimentación das posibilidades de representación con liñas grosas, finas, continuas, descontinuas e xeométricas.*
  - *Realización de fotografías: enfoque e planos.*
  - *Aplicación en producións propias de aspectos observados en obras artísticas.*
  - *Utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.*
  - *Compilación impresa e dixital sobre manifestacións artísticas.*
  - *Interese pola procura da información artística.*
  - *Interpretación da información.*
  - *Inicio no uso dos medios audiovisuais e dixitais para a creación de obras plásticas.*
- *Establecemento de ordes e pautas para seguir.*
- *Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquexos ou deseños.*
- *Uso responsable de instrumentos, materiais e espazos.*
- *Selección axeitada de materiais e espazos.*

## EDUCACIÓN MUSICAL

### BLOQUE 1: ESCOITA

- *Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.*
- *Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.*
- *Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.*
- *Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.*
- *Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.*
- *Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.*
- *Acento e pulso.*
- *Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).*
- *Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).*
  
- *Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.*
- *Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, fricciónada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).*
- *Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.*
- *Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.*
- *Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.*
- *Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.*

### BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- *Reproducción de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.*
  
- *Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.*
  
- *Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.*
  
- *Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.*
  
- *Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.*

- *Ditados melódico-rítmicos sinxelos.*
- *Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.*
- *Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.*
  - *Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.*
  - *Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.*
  - *Invención e construción dun instrumento.*

### **BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA**

- *Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.*
- *Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.*
  - *Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.*
  - *Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.*

#### **5.8. Contidos da área de lingua galega e literatura**

- *O bloque 1, Comunicación Oral: falar e escoitar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as persoas falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como aquelas que empregan para comprender mensaxes orais ou para producilas.*
- *O bloque 2, Comunicación escrita: ler, recolle diversos aspectos da comprensión escrita. A lectura implicará dominar a descodificación do texto e achegarse a unha progresiva regulación de estratexias que permiten operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova.*
- *O bloque 3, Comunicación escrita: escribir, potencia o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Este uso da lingua implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e da dimensión estética.*
- *O bloque 4, Coñecemento da lingua, integra contidos relacionados co código e coa súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua,*



*coa nalidade de servir de base para o uso correcto da lingua, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como en si mesmo.*

▪ *O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer dos alumnos e das alum- nas lectores competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida.*

### **BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALARE ESCOITAR**

- *Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo.*
- *Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender.*
- *Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).*
- *Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas.*
- *Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais perso- as, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).*
- *Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos.*
- *Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión.*
- *Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.*
- *Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.*
- *Interese por expresarse oral- mente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.*
- *Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.*
- *Recoñecemento das varieda- des lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as dife- renzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes.*
- *Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profe- sionais e públicos (sanidade, educa- ción, medios de comunicación, co- mercios...) e en conversas con per- soas coñecidas ou descoñecidas.*

### **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

- *Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.*

- *Comprensión de información xeral en textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas web infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.*

□ - *Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).*

- *Interpretación de esquemas, gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan.*

- *Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo.*

- *Introdución ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).*

- *Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.*

- *Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses.*

- *Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.*

- *Coñecemento do funcionamento da biblioteca da aula e do centro, así como as virtuais e participación en actividades literarias.*

- *Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.*

- *Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.*

- *Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.*

### **BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR**

- *Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.*

- *Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avísos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros.*

- *Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas.*

- *Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter,*

*organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións).*

*- Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.*

*- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.*

*- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido.*

*- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.*

*- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.*

#### **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA**

*- Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro)*

*- Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.*

*- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.*

*- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.*

*- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.*

*- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos.*

*- Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.*

*- Uso do dicionario, en papel ou dixital, con certa autonomía.*

*- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa comprensión e coa produción de textos.*

*- Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.*

*- Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender*

*para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interfe- rencias.*

## **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA**

*- escoita, memorización e repro- dución de textos procedentes da lite- ratura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, di- tos), así como da literatura galega en xeral.*

*- Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.*

□ *- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecua- das á idade e aos intereses.*

*- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.*

*- Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos.*

*- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as caracte- rísticas dalgúns modelos.*

*- Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos litera- rios adaptados á súa idade.*

*- Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.*

□ *- Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.*

*- Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.*

## **6. TEMPORALIZACIÓN**

### **6.1. Matemáticas**

#### 1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1: Números e operacións.

UNIDADE 2: A multiplicación

UNIDADE 3: A división

UNIDADE 4: Os números decimais

## 2ª AVALIACIÓN

UNIDADE 5: As fraccións

UNIDADE 6: Tempo e diñeiro

UNIDADE 7: A medida da lonxitude

UNIDADE 8: As medidas de capacidade e peso

## 3ª AVALIACIÓN

UNIDADE 9: Rectas e ángulos

UNIDADE 10: As figuras planas

UNIDADE 11: Corpos xeométricos

UNIDADE 12: Estatística e probabilidade

### **6.2. Ciencias naturais**

1ª AVALIACIÓN . Os seres vivos e funcións, os ecosistemas, función e espazos naturais protexidos.

2ª AVALIACIÓN. Os alimentos a dieta, o aparato dixestivo, circulatorio, excretor, saúde e hixiene. A visión e a audición, o olfacto, gusto e tacto e o aparato locomotor.

3ª AVALIACIÓN. Os materiais, propiedades, usos, forzas e transferencias de enerxía. A luz e os fenómenos luminosos. A tecnoloxía e as máquinas, mecanismos e máquinas compostas, a enerxía e as súas consecuencias, inventores e inventoras.

### **6.3. Ciencias sociais**

1ª AVALIACIÓN As rochas, os minerais e materiais terrestres. A hidrosfera, as augas superficiais e as subterráneas.

2ª AVALIACIÓN A atmosfera terrestre, o tempo e o clima, consecuencias do cambio climático, factores climáticos, mapas metereolóxicos e representación do tempo atmosférico. A poboación: cambios, composición e a poboación de España e Galicia.

3ª AVALIACIÓN A historia e as fontes históricas, a prehistoria, os pobos prerromanos: os iberos e os celtas, pobos colonizadores do Mediterráneo, os romanos e a Idade Antiga en Galicia.

#### ***6.4 Lingua e literatura castelá***

1ª AVALIACIÓN A maiúscula, a comunicación, o dicionario, a narración en 1ª e 3ª persoa, as sílabas tónicas e átonas, suxeito e predicado, sinónimos e antónimos, o ditongo e o hiato, tipos de oracións, palabras polisémicas, textos cohesionados e descripcións. Os signos de puntuación, o xénero e o número, palabras homófonas o diálogo e os textos cohesionados.

2ª AVALIACIÓN Signos de puntuación, clases de nomes, palabras compostas, o teatro, palabras con bu-, bur-, bus- e palabras que empezan por geo- e gest-. O adxectivo, palabras derivadas e primitivas e as instrucións. Adxectivos terminados en -ave, -avo..., os determinantes, demostrativos, palabras derivadas e primitivas, prefixos, biografías, palabras rematadas en -d y -z, -aje... posesivos e numerais, personificacións e comparacións.

3ª AVALIACIÓN Palabras con y, ll e x. Pronomes persoais, xentilicios, textos cotidianos, poemas, verbos rematados en -aba.. palabras que empezan por hie-, hue-... verbos, conxugacións, familia de palabras, campo semántico, exposicións, haber e a ver, coloquialismos e cultismos, o resumen, o cómic, verbos rematados en -ger e -gir, -bir e -buir e o adverbio.

#### ***6.5 Lingua e literatura galega***

1ª AVALIACIÓN O dicionario, a comunicación, a sílaba tónica, primeira persoa, o enunciado, a oración, clases de oración, a terceira persoa, o suxeito e o predicado, palabras agudas e graves, poesía, o nome, ditongos, hiatos, as rimas.

2ª AVALIACIÓN O xénero e o número, signos de puntuación, textos narrativos, o adxectivo, a lenda, os determinantes, definicións, contos populares e en verso e palabras rematadas en -axe, -íte, e -se, palabras con x e con b.

3ª AVALIACIÓN O pronome persoal, cantigas de berce, o verbo, os poemas, a noticia, o teatro, o adverbio, o seseo e a gheada. Palabras con v, rematadas en -ver, -ver e -bir.

#### ***6.6 Valores sociais e cívicos***

1ª AVALIACIÓN Autocontrol, autoconceito e responsabilidade.

2ª AVALIACIÓN As habilidades de comunicación, o diálogo e a empatía.

3ª AVALIACIÓN As normas de convivencia, a cooperación e a resolución de conflitos.

## 6.7 Educación plástica

1ª AVALIACIÓN Retrato do rostro humano, escena con variantes fondos de cor, composición de paisaxe, representación do volumen.

2ª AVALIACIÓN Pintura surrealista, pintura con pincel, trazos e manchas de cor.

3ª AVALIACIÓN Avance por diferentes pintores e introducción nalgunhas das súas obras como Miró, Van Gogh, Dalí, Munch...

## 7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tendo en conta que a programación debe deseñarse acorde co momento evolutivo do alumnado, pódense establecer os seguintes principios necesarios para o deseño da citada programación: deberase ter en conta o *desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado*, sendo conscientes da etapa evolutiva en que estén inmersos e o nivel de desenvolvemento cognitivo, motriz e afectivo; tamén será de importancia partir do *nivel de coñecemento do alumnado*, tendo en conta os coñecementos previos para, a partir deles, poder programar a práctica educativa (*zona do desenvolvemento próximo Vigotsky*, diferenza entre as habilidades que posee o neno/a e o que pode chegar a aprender a través do apoio doutra persoa de maiores coñecementos). É de salientar o proceso de *asimilación-acomodación* de Piaget: o primeiro consiste na interiorización do novo coñecemento, poñéndoo en conexión con algo xa coñecido e o segundo esixe unha modificación do que xa se coñece porque aparecen novos elementos. *Potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe*, “que o alumnado aprenda a aprender” dotándose de estratexias necesarias para iso, é outro principio importante. Será o educador/a quen encamiñe e guíe o proceso da aprendizaxe pero coa intención de derivar no propio alumnado o protagonismo coa finalidade de realizar aprendizaxes significativos por si sós.

### 7.1. Actividades de ensino-aprendizaxe

A secuencia de actividades que se desenvolverán están baseadas nos principios construtivistas antes. Estas actividades pretenderán ver os coñecementos previos do alumnado e desenvolver a autonomía deste. A secuencia terá o seguinte esquema:

- Actividades de iniciación: encamiñadas a saber dos coñecementos previos do alumnado e provocar o interese polo tema.
- Actividades de desenvolvemento: para que o neno e a nena descubra e seleccione información e comprobar se os coñecementos previos están equivocados ou no caso de seren verdadeiros amplialos.
- Actividades finais: afianzan os distintos tipos de capacidades.
- Actividades de reforzo-ampliación: dan resposta á diversidade de ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado. Nas primeiras trataremos os contidos básicos do que se está traballando e na segunda perseguiremos a ampliación dos contidos presentados *a priori*.

## **7.2. Materiais e recursos didácticos.**

Para a realización destas actividades necesitamos uns recursos que nos axudarán a levalas a cabo.

Podemos falar de recursos a tres niveis:

**Persoais:** pais, mestres e persoal non docente. Tamén debo contar coas persoas do contorno, o pobo e as familias, xa que poden colaborar en diferentes momentos e actividades programadas.

**Materiais:** o EQUIPAMENTO, como tabiquería fixa ou móbil, estantes, armarios, taboleiros de anuncios,...e o mobiliario interior e exterior; materias primas, como materiais funxibles (xiz, lápiz, goma, libro, caderno,...), utensilios, como balanzas, tesoiras, punzóns, mapas, globos terráqueos, botes, bandexas,... os MATERIAIS DIDÁCTICOS, que servirán de soporte para as actividades da aula, tanto para mestres como para alumnos/as no proceso de ensino aprendizaxe. Por exemplo materiais audiovisuais como vídeo, televisión, ordenador, proxector, CDs, DVDs, recursos dixitais (aplicacións en local e na rede, libros de lectura, fichas didácticas,...),...

MATERIAIS CURRICULARES, compostos por tódolos libros de texto e outros materiais editados que mestres e alumnos/as empregan no centro para o desenvolvemento e aplicación do currículo.

**Ambientais:** En canto aos recursos do medio, da comunidade e do entorno traballarase as saídas culturais a diferentes lugares como museos, empresas e acontecementos culturais que se realicen aproveitando os coñecementos e a experiencia dos familiares do alumnado e das posibilidades que ofrezan outras institucións públicas ou privadas en colaboración coa escola.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Todas as medidas que se levarán a cabo serán atendidas tan pronto como se detecten. Nun primeiro momento faranse reforzos de apoio na aula por parte da mestra e farase reforzo fora da aula tres sesións semanais coa mestra de PT. Según vexamos a evolución e as necesidades que se presenten no alumno falado anteriormente na programación, decidirase diminuír ou quitar as sesións da PT ou pola contra aumentar o apoio facendo as adaptacións do currículo necesarias.

### ***8.1. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes***

O traballo a realizar sobre todas as materias pendentes ou aqueles que precise maior atención poden ser a adaptación de tempos, agrupamentos, espazos, instrumentos e procedementos de avaliación, apoio do profesorado e programa de reforzo nas áreas instrumentais. Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis respostará tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxes como aos diverxentes intereses e motivacións do alumnado. As actividades organizaranse por categorías en función da finalidade. Por unha parte contamos con actividades de reforzo, de consolidación



de aqueles aprendizaxes que consideramos básicos e por outra contamos con un tipo de actividades que implican unha complexidade maior ou unha ampliación do tema traballado. Tamén contaremos con un material didáctico complementario que nos permita axustar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos, como poden ser materias manipulativas ou recursos tecnolóxicos entre outros.

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento fundamental da práctica educativa que nos permite recoller en cada momento a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

*- A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.*

*- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.*

As técnicas nas que se baseará esta programación para a avaliación son fundamentalmente: técnicas de observación (recollida de información durante unha avaliación continua e axuda na avaliación de actitudes como en actividades tipo debates), entrevistas (as cales recollen información dificilmente avaliabile por outros métodos), a autoavaliación (onde o propio alumnado avalía o seu proceso) e os diarios (que permiten recoller a información máis significativa tras o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe).

Segundo o momento, pódese falar da avaliación inicial ou diagnóstica, onde se analizan as condicións previas do alumnado para planificar a axuda pedagóxica máis adaptada á situación inicial. A avaliación continua ou formativa, que se realiza durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, para determinar as deficiencias e así poder facer os cambios precisos, facendo así unha regulación retroactiva e a avaliación final ou sumativa, que se realizará ao finalizar un proceso ou periodo de aprendizaxe co fin de realizar unha estimación global do avance de cada alumno.

### ***9.1 Metaavaliación (criterios para avaliar a propia programación)***

Durante todo o traballo desta programación farase unha propia avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe para comprobar se se conseguiron os obxectivos e se o proceso é o adecuado. De non seren así realizaranse todos os cambios oportunos para conseguir mellores beneficios, tanto no proceso como nos resultados.

## 9.2 Criterios de avaliación

Os criterios de cualificación serán flexibles pero rexiranse pola seguinte baremo para as materias de matemáticas, valores, plástica, lingua castelá e lingua galega.

- 50% A adquisición dos coñecementos académicos referentes aos contidos e aos obxetivos do currículo.
- 25% O traballo realizado, tanto no centro como nas tarefas optativas na casa e limpeza e orden en todos os seus traballos.
- 25% O respecto por el mesmo (o alumno/a), polos seus mestres e mestras, polos seus compañeiros e compañeiras, polo material (propio e alleo) e polo entorno que nos rodea.

Os procedementos e instrumentos de avaliación para as materias de ciencias naturais e sociais son:

- Observación directa do alumnado: comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, mostras de actitude e dedicación de cara ao traballo, etc... Esta parte contará un **30%** da nota final. Tomaranse notas de tódalas sesións, de maneira individualizada e personalizada, en función dos factores determinantes que se terán en conta na avaliación final.
- Documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo, exposicións ou elaboracións multimedia. Esta parte contará un **70%** da nota final, subdividida da seguinte maneira: traballo diario, deberes e outros exercicios de obrigatoria execución (**40%** desta parte), probas escritas (**60%** desta parte). Tódolos resultados serán recollidos nunha táboa de avaliación e nas follas de sesión, que serán recuperadas na avaliación final para calcular a nota media.

Avaliación (100%)	
Observación Directa (30%)	Documentos e outros (70%)
Notas recollidas na aula polo mestre.	a. Traballos obrigatorios (40% do 70%) b. Probas escritas (60% do 70%)

As cualificacións presentaránse de maior á menor puntuación:

- Sobresainte (10- 9)
- Notable (8-7)

- Suficiente (6-5)
- Insuficiente (4-0)

### **9.3 Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación**

#### **CIENCIAS DA NATUREZA**

##### **BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

- *Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.*
- *Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.*
- *Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.*
- *Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.*
- *Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.*
- *Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.*
- *Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.*
- *Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.*
- *Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.*
- *Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.*
- *Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.*

##### **BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE**

- *Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no*

*funcionamento do organismo.*

- *Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.*
- *Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.*
- *Identifica e valora as súas habilidades persoais.*
- *Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.*
- *Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.*
- *Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.*
- *Identifica sistemas de conservación alimentaria.*
- *Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.*
  
- *Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.*
- *Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.*
- *Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.*

### **BLOQUE 3: OS SERES VIVOS**

- *Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.*
- *Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.*
- *Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.*
- *Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.*
- *Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.*
- *Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.*

- *Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.*

- *Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.*

#### **BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA**

- *Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.*

- *Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.*

- *Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.*

- *Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.*

- *Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.*

- *Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.*

- *Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.*

- *Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.*

- *Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.*

- *Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.*

- *Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e chegar conclusións sobre os resultados.*

#### **BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

- *Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.*
- *Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.*
- *Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.*
- *Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...*
- *Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.*
- *Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.*

## **CIENCIAS SOCIAIS**

### **BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS**

- *Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.*
- *Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.*
- *Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.*
- *Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.*
- *Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.*
- *Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.*
- *Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.*
- *Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.*

- Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.
- Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.
- Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.

## **BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA**

- Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.
- Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
- Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.
- Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.
- Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.
- Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.
- Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.
- Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.
- Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.

- *Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.*
- *Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.*
- *Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.*
- *Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.*
- *Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.*
- *Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.*
- *Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.*
- *Coñecer a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que o rodea.*
- *Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.*
- *Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para determinados puntos da Terra.*
- *Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.*
- *Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.*
- *Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.*
- *Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia*
- *Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.*



- *Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.*

### **BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE**

- *Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.*

- *Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.*

- *Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.*

- *Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.*

- *Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.*

- *Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.*

- *Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información.*

- *Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.*

- *Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar a persoa condutora...)*

- *Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.*

- *Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.*

- *Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno*

- *Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.*

- *Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a*

*partires dos datos de poboación.*

*- Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.*

#### **BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO**

*- Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.*

*- Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.*

*- Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.*

*- Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C*

*- Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.*

*- Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.*

*- Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.*

*- Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.*

*- Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.*

*- Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.*

*- Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.*

*- Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.*

*- Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.*

*- Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.*

- *Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.*
- *Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.*
- *Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.*

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- *Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.*
- *Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.*
- *Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes.*
- *Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.*
  - *Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación:*
    - *diálogos*
      - *exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.*
- *Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.*
- *Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.*
- *Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema- grafía idénticas en textos significativos.*
- *Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.*

- *Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).*
- *Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.*
- *Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.*
- *Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.*
- *Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).*
- *Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar)*
- *Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.*
- *Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.*
- *Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.*
- *Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación.*
- *Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.*
- *Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e intégrala nas producións propias.*
- *Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.*
- *Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.*
- *Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.*
- *Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.*
- *Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel*
- *Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos,*

*preguntar e repreguntar.*

*- Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas*

## **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

*- Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade .*

*- Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.*

*- Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.*

*- Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.*

*- Identifica as palabras clave dun texto.*

*- Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.*

*- Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto.*

*- Interpreta mapas conceptuais sinxelos.*

*- Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.*

*- Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.*

*- Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.*

*- Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.*

*- Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero.*

*- Coida, conserva e organiza os seus libros.*

*- Diferenza entre información e publicidade.*

*- Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.*

*- Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e*

*tratamento guiado da información.*

- *Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.*
- *Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.*
- *Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía.*
- *Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.*
- *Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.*
- *Mostra interese por manter unha biblioteca propia.*
- *Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.*
- *Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.*

### **BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR**

- *Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...*
- *Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.*
- *Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados.*
- *Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.*
- *Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.*
- *Pon interese e esfórzase por escribir correctamente*
- *Reproduce textos ditados.*
- *Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.*

- *Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.*
- *Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.*
- *Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.*
- *Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.*
- *Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.*
- *Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.*
- *Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.*
- *Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.*
- *Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita.*
- *Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.*
- *Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.*
- *Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuizos.*
- *Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.*
- *Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.*

#### **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA**

- *Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.*
- *Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos.*

- *Diferenza familias de palabras.*
- *Coñece, reconece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.*
- *Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.*
  - *Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.*
  - *Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos.*
  - *Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.*
  - *Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso para buscar o significado de diferentes tipos palabras.*
  - *Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.*
  - *Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.*
  - *Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso.*
  - *Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.*
  - *Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.*
  - *Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.*
- *Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos.*
- *Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.*
- *Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.*
- *Valora a variedade lingüística de España.*
- *Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.*

- *Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.*

- *Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.*
- *Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.*
- *Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.*
- *Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.*
- *Valorar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural.*
- *Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.*

#### **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA**

- *Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios*



*narrativos, poéticos e dramáticos.*

*-Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. Interpreta, intuitivamente, a linguaxe figurada en textos literarios.*

*-Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas*

*-Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.*

*-Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.*

*-Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.*

*-Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.*

*-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.*

*- Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información.*

*- Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.*

*- Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.*

*- Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.*

*- Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade.*

*- Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.*

*- Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.*

## **MATEMÁTICAS**

### **BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

*-Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.*

*-Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.*

*-Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.*

*-Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.*

*-Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...).*

*-Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.*

*-Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.*

*-Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.*

*-Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.*

*-Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.*

*-Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.*

*-Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.*

*-Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.*

*-Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.*

*-Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.*

*-Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.*

*-Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.*

*-Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50.*

*-Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.*

*-Estima e redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta.*

*-Emprega a calculadora aplicando as regras dos eu funcionamento para investigar e resolver problemas.*

*-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.*

*-Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.*

*- Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.*

*- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.*

*- Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.*

*- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.*

*- Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.*

*- Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.*

### **BLOQUE 3. MEDIDA**

*-Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.*

*-Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.*

- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
- Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.
- Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
- Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
- Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.
- Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.
- Operar con diferentes medidas.
- Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.
- Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

#### **BLOQUE 4. XEOMETRÍA**

- Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.
- Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
- Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.
- Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.
- Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.
- Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.
- Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.
- Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo.

*-Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisión.*

*-Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, proponendo outras formas de resolvelo.*

*- Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.*

*- Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.*

*- Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.*

*- Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.*

*- Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.*

## **BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE**

*-Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.*

*-Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.*

*- Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.*

*- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.*

## **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

### **BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA**

*-Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.*

*-Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.*

*-Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.*

*-Actúa de forma respectable e digna.*

*-Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.*

*-Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade.*

*-Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.*

*-Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.*

*-Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.*

*-Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.*

*-Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.*

*-Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.*

*-Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.*

*-Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.*

*-Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.*

*-Define e formula claramente problemas de convivencia.*

*-Sopesa as consecuencias das súas accións.*

*-Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.*

*- Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.*

*- Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.*

- *Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.*
- *Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.*
- *Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.*
- *Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.*
- *Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.*

## **BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS**

- Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.*
- Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.*
- Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.*
- Expón respectuosamente os argumentos.*
- Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.*
- Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.*
- Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.*
- Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.*
- Amosa interese polos seus interlocutores.*
- Expresa abertamente as propias ideas e opinións.*
- Emprega a linguaxe positiva.*
- Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.*
- Emprega diferentes habilidades sociais.*

*-Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.*

*-Respecta e acepta as diferenzas individuais.*

*-Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.*

*-Forma parte activa das dinámicas do grupo.*

*-Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.*

*- Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.*

*- Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.*

*- Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.*

*- Empregar a aserción.*

*- Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.*

*- Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.*

*- Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.*

*- Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.*

### **BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORE SOCIAIS**

*-Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.*

*-Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.*

*-Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.*

*-Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.*

*-Respecta as regras durante o traballo en equipo.*

*-Emprega destrezas de interdependencia positiva.*

*-Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos*



*diferentes espazos de interacción social*

*-Participa na elaboración das normas da aula.*

*-Respecta as normas do centro escolar.*

*-Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.*

*-Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.*

*-Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.*

*-Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.*

*-Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.*

*-Razoa as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.*

*-Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.*

*-Razoa a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.*

*-Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.*

*-Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.*

*-Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.*

*-Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.*

*-Razoa os motivos da conservación dos bens naturais.*

*-Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.*

*-Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.*

*-Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.*

*-Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.*

- Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.
- Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.
- Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.
- Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
- Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.
- Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.
- Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres.
- Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias.
- Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.

## **EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)**

### **BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL**

- Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores)
- Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.
- Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.
- Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.
- Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.

*-Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza etc.)*

*-Identifica a influencia dos fondos de cor.*

*-Identifica as formas de representar a figura humana nas obras.*

*-Describe profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais.*

*-Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.*

*-Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.*

*-Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.*

*-Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais.*

*- Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.*

*- Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.*

*- Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.*

*- Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.*

## **BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA**

*-Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.*

*-Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións.*

*-Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.*

*-Realiza unha obra con materiais téxtiles de refugo.*

*-Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras.*

*-Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc, para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.*

*-Representa obxectos coa técnica da esfumaxe.*

*-Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética.*

*-Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas.*

*-Representa imaxes usando diferentes características da cor.*

*-Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas.*

*-Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.*

*-Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico.*

*-Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).*

*-Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo.*

*-Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas.*

*-Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos.*

*-Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.*

*-Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.*

*-Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.*

*-Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.*

*-Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.).*

*-Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.*

*-Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido.*

*-Elabora bosquejos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.*

*-Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.*

*-Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.*

*-Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados.*

*- Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.*

*- Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.*

*- Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.*

*- Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado.*

*- Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos,*

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

*-Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo.*

*-Elabora un breve resumo dun texto oral.*

*-Accede de xeito guiado a documentos, audio- visuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.*

*-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.*

*-Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global.*

*-Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.*

*-Participa no traballo en grupo, así como nos debates.*

- Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
- Respecta as opinións da persoa que fala.
- Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
- Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.
- Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.
- Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
- Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
- Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.
- Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.
- Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
- Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.
- Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
- Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
- Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista.
- Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
- Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica.
- Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora.
- Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios.
- Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

- *Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.*
- *Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe.*
- *Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.*
- *Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións.*
- *Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.*
- *Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.*
- *Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.*
- *Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.*
- *Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.*
- *Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.*
- *Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.*
- *Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes.*
- *Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.*

## **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

- Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amosa de forma evidente.*
- Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.*
- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.*
- Interpreta, personificacións, hipérbolos e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade.*

*-Identifica a estrutura xeral dun texto e reconece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas pronominais sinxelas).*

*-Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.*

*-Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.*

*-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan.*

*-Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.*

*-Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.*

*-Realiza o resumo dun texto sinxelo.*

*-Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.*

*-Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.*

*-Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información.*

*-Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.*

*-Descodifica sen dificultade as palabras.*

*-Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.*

*-Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.*

*-Fai lecturas dramatizadas de textos.*

*-Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.*

*-Identifica o funcionamento da biblioteca de aula, de centro, así como as virtuais e colabora no seu coidado e mellora.*

*-Participa en actividades literarias do centro.*

*-Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.*

*-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.*

*-Amosa certa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.*

*-Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.*



- *Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).*
- *Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.*
- *Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.*
- *Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.*
- *Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.*
- *Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.*
- *Coñecer o funcionamento da bibliotecas de aula, centro, así como as virtuais, colaborando no seu coidado e mellora, e participar en actividades literarias.*
- *Ter interese por ter unha biblioteca propia.*
- *Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.*
- *Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.*

### **BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR**

- Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.*
- Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.*
- Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).*
- Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.*
- Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.*
- Usa o dicionario durante a elaboración de textos.*
- Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...*

*-Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis).*

*-Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido.*

*-Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.*

*-Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.*

*-Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.*

*-Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.*

*-Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.*

*-Valora a lingua escrita como medio de comunicación e como medio de obtención e coñecemento.*

*- Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.*

*- Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.*

*- Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.*

*- Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.*

*- Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.*

*- Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.*

*- Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.*

#### **BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

*-Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes enunciados, palabras e sílabas.*

- Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
- Aplica xeralmente as normas de acentuación.
- Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
- Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.
- Emprega con correccións os signos de puntuación.
- Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
- Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pro- nome átono.
- Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...
- Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.
- Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.
- Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.
- Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
- Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.
- Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
- Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.
- Identifica diferenzas, regularidades e semelanzas elementais sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á com-

*prensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.*

*- Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.*

*- Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.*

*- Recoñecer e empregar os conectores básicos.*

*- Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.*

*- Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.*

*- Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.*

*- Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.*

*- Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.*

## **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

*-Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.*

*-Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.*

*-Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.*

*-Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.*

*-Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.*

*-Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.*

*-Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.*

*-Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.*

*-Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.*

*- escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.*

*- Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.*

*- Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.*

*- Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.*

*- Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.*

*- Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.*

*- Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.*

## **10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA**

### ***10.1 Ciencias naturais e sociais.***

O grao mínimo de consecución dos estándares avaliados de aprendizaxe para superar as materias establecerase en función das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade. Neste punto a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria en maior ou menor medida, dos estándares avaliados de aprendizaxe. Para iso, será determinante a avaliación de ferramentas como documentos gráficos ou textuais, a disposición nos debates e intervencións, os proxectos persoais ou de grupo, as

exposicións ou as elaboracións multimedia, que serán valorados sempre tendo en conta as características individuais do alumnado e do grupo.

### ***10.2 Matemáticas***

- Lectura e escritura dos números ata sete cifras e o valor de cada cifra nun número.
- A suma, a resta, a multiplicación e a división (control e aplicación das catro operacións)
- Lectura e representación gráfica dos números decimais.
- Operacións básicas cos números decimais.
- As fraccións, comparacións, sumas e restas sinxelas co mesmo denominador.
- Lectura de reloxos analóxicos e dixitais.
- Uso de moedas e billetes.
- Operacións con euros e céntimos.
- Coñecemento da medida de lonxitude, de capacidade e de peso, múltiplos e submúltiplos e operacións básicas.
- Coñecemento de rectas, semirrectas e ángulos.
- Medida de ángulos, clasificación según a súa medida e posición.
- Os polígonos, os seus elementos e clasificación según o número de lados.
- Elementos da circunferencia.
- Figuras simétricas.
- Identificación dos poliedros en superficie planos e curvos e os seus elementos.
- Comprensión dos gráficos de barras, liñas e programas.

### ***10.3 LENGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA***

- Coñecer a estrutura do dicionario e o seu manexo.
- Diferenciar entre comunicación verbal e non verbal.
- Identificar textos en 1ª e 3ª persoa e a súa estrutura.
- Conceptos de sinonimia e antonimia e a súa aplicación.
- Recoñecemento das palabras agudas, graves e esdrúxulas e a súa acentuación.
- Palabras polisémicas.
- Diferenciar suxeito e predicado.
- Identificación da rima nun poema sinxelo e recursos como a personificación, hipérbole e retrouso.
- Recoñecemento dalgunhas palabras homófonas.

- Identificación e clasificación dos nomes.
- Recoñecemento de ditongos e hiatos.
- Palabras compostas.
- Formación do feminino e plural dos nomes.
- Puntuación dos textos.
- Palabras derivadas co uso dos prefixos, sufixos.
- Utilizar correctamente os adxectivos e a súa concordancia, demostrativos, artigos, posesivos, numerais e pronomes persoais.
- Formación de familia de palabras, campos semánticos.
- Regras ortográficas básicas.
- Conxugación dos verbos.
- Recoñecemento dalgúns adverbios de tempo, lugar e modo.

#### ***10.4 VALORES***

- As percepcións e opinións dun mesmo e dos demais.
- A autorregulación emocional, a regulación de impulsos, o esforzo e a autorresponsabilidade.
- A admisión das opinións dos demais.
- O concepto e a valoración das normas de convivencia.
- Táctica de interacción positiva.

#### ***10.5 PLÁSTICA***

- Facer trazos sinxelos rectos e curvos.
- Retrato dun rostro.
- Manipulación de distintos materiais e aplicación de técnicas con pinturas e pinceis.
- Profundización en pintores destacados e as súas obras.

### **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

- Participación nas actividades previstas para o curso:
  - Magosto
  - Nadal
  - Entroido
- Participación na actividade “A mochila viaxeira” organizada pola Biblioteca do Centro.
- Saídas a museos ou actividades relacionadas coa práctica do curso.

- Participación nas actividades ofertadas polo concello de Mesía.
- Participación das actividades organizadas nas datas Comemorativas.
- Algunha outra que poida xurdir o longo do curso e que se considere importante para a Programación da aula.

## **12. PROXECTO LECTOR**

A biblioteca municipal, a biblioteca do centro e a biblioteca de aula serán un referente importante na realización de actividades. Na biblioteca de aula podemos atopar libros das editoriais Kalandraka, Baula, Bromera, Edelvives, revistas da escola, xornais e recursos plásticos,...

Así, cada día procederase á lectura comprensiva e á expresión oral e escrita de actividades relacionadas coa mesma a lo menos vinte minutos nalgunha das áreas a traballar. Outros espazos que utilizarei normalmente son a biblioteca do centro, na que intentaremos visitar alomenos unha vez á semana e alí comezaremos facendo relaxación coa lectura e cando se teñan adquirido o hábito do disfrute con esta, seguiremos con outro tipo de actividades como investigación dalgún tema utilizando os medios que a propia biblioteca nos pode proporcionar (enciclopedias, libros específicos, ordenadores...)

## **13. INTEGRACIÓN DAS TICS**

O ordenador da aula e a aula de informática utilizaranse coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos

procesos de ensino-aprendizaxe, axudando ao alumnado a acadar a competencia dixital.



